

SAFE

Todd Haynes, 1995

1253

ESTREA EN NUMAX: 07.03.2024 | V.O.S.E. | +13 | 118 min

Carol é unha acomodada e feliz nai de familia que parece ter unha vida completa pero todo cambia cando empeza a padecer unha estraña enfermidade relacionada cunha alerxia á contaminación. Sen unha cura aparente, Carol recorre a un excéntrico psiquiatra que a convida a vivir xunto a outros enfermos. A experiencia supón para ela unha crecente degradación.

«Unha reflexión social
esclarecedora e escuramente
cómica»

James Berardinelli, REELVIEWS



Terror ao descoñecido

Por Carlos Rodríguez

Agora máis vixente que no día da súa estrea, *Safe* (1995), a película de Todd Haynes ambientada en 1987, presenta o illamento como disfrace da filosofía do benestar, veu que adorna o individualismo e que atribúe a responsabilidade da enfermidade a cada persoa.

Casada e cun fillastro, Carol White (Julianne Moore) é unha muller que leva no apelido a súa vida deslucida. Habita unha gran casa no Val de San Fernando, California. Durante o día dedícase ao seu xardín, que visita durante as noites de insomnio, flotando como unha pantasma na escuridade. Impasible, dun día para outro enferma de algo que os médicos non poden diagnosticar. Todo se volve unha ameaza, mesmo o abrazo do seu esposo, que lle impide respirar. Convencida de que son os químicos, presentes en todos os obxectos, os que a afectan, Carol decide internarse en Wrenwood, unha comunidade onde se congregan outras persoas alérxicas ao século XX. Aquí, Carol atopa unha especie de consolo manipulada polo mentor dos enfermos: Peter Dunning asegura que ninguén nin nada é capaz de danar o sistema inmunolóxico propio, e mesmo os sentimentos, excepto un mesmo.

Cunha posta en imaxes distanciada (que remite a *O deserto vermello*, de Michelangelo Antonioni -1964-), o que impide unha lectura simplista do filme é a actuación de Julianne Moore. “Realmente non tes acceso completo ao personaxe, á súa psicoloxía, historia, cousas que xeralmente sabemos rapidamente nunha película”, di Todd Haynes. Moore aparece en cada escena como se o seu corpo e a súa cara fosen recubertos dunha película transparente que repele as explicacións sobre a súa enfermidade, mantendo a dúbida e o horror do que lle ocorre. Hai pistas, pero non certezas. O filme parece indicar que a súa misteriosa enfermidade empezou antes de experimentar os síntomas. Unha secuencia resume esta idea: filmada ao Kubrick, Moore sostén un vaso de leite mentres mira de fronte á cámara que se achega lentamente a ela a través do efecto de vertixe (que combina un zoom cun travelling), que despega a súa figura do fondo, alongándoo.

O filme de Haynes, cineasta afeito a a travesar as aparencias, como o seu mestre Douglas Sirk, parece estar a favor da terapia de Carol, que preto do final da película (desenlace que, doutra banda, desborda o filme a través da ambigüidade) asegura que antes de chegar a Wrenwood se odiaba a si mesma. Ao decidir enclaustrarse nunha especie de iglú Carol, cuxa saúde non mellora, faise a si mesma unha promesa de amor, seguindo o consello doutra autoridade de Wrenwood.

Para Peter, sempre cun sorriso, deixar de ler e ver as noticias é unha forma de protexerse, de preservar unha actitude positiva que lle evitará debilitarse. Pero as costuras do traxe do mentor, dono dunha mansión no alto do outeiro, son visibles. De novo trátase das aparencias, da cortina que permite ao mago realizar o truco de maxia. O armazón narrativo e formal de Todd Haynes, que entrega ao público un falso final feliz, non se esgota aí, flúe cara a outras ideas, por exemplo o horror de ignorar as causas dunha enfermidade. A ambigüidade é unha analoxía do vivido durante a pandemia do coronavirus, un escenario global inédito. Sen cura e con terror ao descoñecido, a enfermidade subliña o que xa estaba aí, evidencia o malestar preexistente. Onde había insatisfacción agora hai medo; onde había pobreza, non hai auga para lavar as mans; onde prevalecía a violencia doméstica agora hai peche.